

***CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E
INDUSTRIA***

SECCIÓN 10

1. COMPETENCIAS

O Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, estrutura a Consellería de Innovación e Industria, para o desempeño das súas funcións, nos seguintes órganos superiores:

1. Secretaría Xeral.
2. Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.
3. Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.
4. Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información.
5. Dirección Xeral de Comercio e Consumo.
6. Dirección Xeral de Turismo.
7. Delegacións provinciais.

Como organismo autónomo ten adscrito o Instituto Galego de Consumo, creado pola Lei 8/1994, do 30 de decembro, que exerce funcións específicas en materia de defensa e protección do consumidor e usuario en Galicia, tendo como fins os que se enumeran no artigo 3 da dita lei, correspóndenlle tamén as mesmas funcións no ámbito de inspección, vixilancia do mercado e de mediación e arbitraje.

Como ente público ten adscrito o Instituto Enerxético de Galicia creado pola Lei 3/1999, do 11 de marzo, que ten como misión principal conseguir a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia.

Como sociedades mercantís dependentes da Consellería de Innovación e Industria existen:

1. A sociedade anónima Galicia Calidade, que ten por obxecto a administración e xestión en xeral da marca de garantía “Galicia Calidade”, e en particular, o outorgamento de licencias da marca, exercendo medidas de control eficaces sobre a

natureza, calidade e características dos produtos elaborados ou distribuídos coa marca de garantía “Galicia Calidade”.

2. A sociedade anónima de Xestión do Plan Xacobeo, que ten como obxecto social o deseño, a programación, a coordinación e, no seu caso, a realización da actividades relacionadas co “Xacobeo”, como un dos principais produtos turísticos de Galicia, que se realizarán, se é o caso, en coordinación coas administracións públicas competentes.
3. A Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (Turgalicia) ten como obxecto social a realización, entre outras, das seguintes actividades: promoción da oferta turística de Galicia, fomento e impulso das actividades do sector turístico para a promoción do turismo galego, establecemento de convenios e concertos con institucións públicas e privadas para a promoción turística, así como a creación e funcionamento do Centro Superior de Hostalaría.
4. A sociedade anónima Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) é unha institución científico tecnolóxica de titularidade pública, que ten como misión principal favorecer a xeración de coñecemento en diversas áreas, proporcionando servizos horizontais de cálculo e comunicacións para satisfacer intereses científicos, académicos e industriais.

A Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia, está participada pola Xunta de Galicia, cun 70% do capital social, e polo CSIC co 30% restante. Desde a Sociedade promoveuse a Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia. O seu Padroado confórmano a Xunta de Galicia e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC). A Fundación está cualificada de interese galego e non ten ánimo de lucro.

A estrutura orgánica da Consellería de Innovación e Industria ven establecida no Decreto 552/2005, do 20 de outubro, vixente no momento actual, aínda que pendente de substitución por un novo decreto de estrutura orgánica, actualmente en trámite, que permitirá afrontar o exercicio 2007 cunha estrutura que basicamente respecta a de 2006.

Deste novo decreto cómpre destacar, como novidade máis salientable dende o punto de vista organizativo, a asignación das competencias en materia de consumo á Secretaría Xeral, o que a súa vez supón o cambio de denominación da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, que a partir da entrada en vigor do mencionado decreto pasará a denominarse Dirección Xeral de Comercio.

Desde o punto de vista orzamentario, o programa 613 B “Ordenación, información e defensa dos consumidores” xestionarase a través da Secretaría Xeral, polo que en previsión da inmediata aprobación do novo decreto de estrutura orgánica, nesta memoria recolléñse xa as novidades descritas.

2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2007

2.1 DA CONSELLERÍA

As principais liñas de acción da Consellería de Innovación e Industria para o exercicio 2007 enmárcanse dentro dos obxectivos prioritarios establecidos polo goberno galego en materia de política económica.

Neste senso, as políticas da Consellería de Innovación e Industria oriéntanse cara a consecución dos necesarios cambios estruturais na base productiva da economía galega que impulsan a mellora da produtividade das empresas e da competitividade dos produtos galegos nos mercados estatais e internacionais.

Orientadas por estes obxectivos estratéxicos, destacamos as seguintes liñas de acción:

- 1.** A recente aprobación do Plan Galego de I+D+i 2006-2010, que por primeira vez será sometido a debate no Parlamento de Galicia por iniciativa da Consellería de Innovación e Industria, constitúe a ferramenta imprescindible para proporcionarlle

as políticas públicas de I+D+i o pulo necesario para achegarnos aos indicadores dos países máis desenvolvimos en termos de PIB.

2. O fomento da I+D+i empresarial.
3. O apoio á creación e desenvolvemento de centros tecnolóxicos, centros de competencia, centros de excelencia científica e plataformas tecnolóxicas.
4. A procura da excelencia na xeración do coñecemento.
5. O impulso do desenvolvemento infraestructural en materia enerxética, coa finalidade da mellora continuada da calidade no abastecemento enerxético á poboación e ás empresas galegas, conxugada cunha aposta decidida polas políticas de aforro e eficiencia enerxética e polo fomento das enerxías renovables.
6. O inicio dunha tendencia inédita na economía galega, consistente no desenvolvemento de mecanismos que permitan a reversión no país dunha parte significativa do excedente económico que se deriva da produción enerxética en Galicia.
7. A mellora das infraestructuras nos polígonos industriais.
8. A mellora da seguridade e hixiene na minaría galega e a recuperación de terreos afectados por antigas explotacións mineiras.
9. O desenvolvemento da sociedade da información e do coñecemento, cun forte pulo á extensión das infraestructuras de banda ampla a toda a sociedade, especialmente no medio rural, naquelas áreas onde a baixa rendibilidade demora a extensión das infraestructuras por parte da iniciativa privada.
10. O deseño de políticas específicas para o achegamento da sociedade da información e do coñecemento aos colectivos sociais desfavorecidos ou con necesidades específicas.
11. A difusión das tecnoloxías da información e das comunicacións no tecido empresarial, nas Administracións e na sociedade en xeral.

12. A aposta polo fomento das relacións de cooperación empresarial, e polo fortalecemento dos contornos asociativos e do desenvolvemento sectorial da economía galega.
13. O impulso das políticas de calidade no tecido productivo galego.
14. A potenciación da marca “Artesanía de Galicia” e o fomento do deseño aplicado ás produccions artesanais.
15. A ordenación e regulación do comercio interior de Galicia, a vertebración do comercio no medio rural e o apoio ao pequeno comercio.
16. O posicionamento de Galicia como destino turístico de prestixio, con imaxe de marca forte, definida e recoñecida.
17. O desenvolvemento da nova imaxe turística de Galicia e da oferta de novos produtos turísticos, que contribúan á desestacionalización e ao incremento do nivel de gasto medio dos visitantes.
18. A mellora da rede de albergues e a promoción do Camiño de Santiago no ámbito galego, estatal e internacional
19. O impulso dos programas de formación e educación dos consumidores, de xeito especial dos colectivos vulnerábeis e excluídos socialmente.
20. A potenciación das actividades de mediación e arbitraje, consolidando e extendendo o sistema arbitral de consumo a sectores e empresas aínda non adheridas.
21. A actualización e desenvolvemento da normativa específica ou sectorial en materia de consumo.

Para a consecución destes obxectivos, a Consellería de Innovación e Industria executará os créditos correspondentes aos seguintes programas:

- 731A “Dirección e servizos xerais de industria”.
- 732A “Regulación e soporte da actividade industrial”.

- 561A “Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica”.
- 561B “Investigación universitaria”.
- 733A “Eficiencia enerxética e enerxías renovables”.
- 733B “Infraestruturas enerxéticas”.
- 734A “Fomento da minaría”.
- 741A “Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial”.
- 741C “Acción exterior, captación e investimentos estratéxicos”.
- 741E “Apoio á pequena e mediana empresa”.
- 741F “Apoio á artesanía”.
- 571A “Fomento da sociedade da información e do coñecemento”.
- 572A “Desenvolvemento infraestructural e empresarial da sociedade da información e do coñecemento”.
- 751A “Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia”.
- 761A “Coordinación e promoción do turismo”.
- 613B “Ordenación, información e defensa dos consumidores”

2.2 DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

O presente orzamento enmárcase dentro dunha serie de obxectivos a máis longo prazo e que perseguen unha profunda transformación da política e da xestión dos órganos responsables da defensa do consumidor en Galiza.

Entre os obxectivos a acadar para o ano 2007 atópanse os seguintes:

1. Actualización da normativa xeral de consumo e elaboración de normativa específica ou sectorial en materia de consumo. Para elo será preciso asesorarse con expertos de universidades constituíndo equipos multidisciplinares que aborden todos os aspectos implicados na elaboración e contido das ditas normas.
2. Configurar unha rede de axentes de defensa do consumidor baseada na coordinación e cooperación, integrada polas administracións de consumo (autonómica e local) e os axentes sociais, especialmente as organizacións de consumidores. Preténdese acadar unha maior vertebración territorial dos servizos que se ofertan aos consumidores galegos co fin de conseguirmos que toda a cidadanía galega, teñan acceso a eles. As actividades relacionadas con este obxectivo afectan de xeito específico aos capítulos relacionados con subvencións, convenios e proxectos.
3. Impulsar programas de formación e educación do consumidor, de maneira especial, dos colectivos vulnerabéis e excluídos socialmente. Neste impulso terán un papel protagonista os programas de formación da Escola Galega de Consumo, en estreita colaboración cos organismos de consumo (OMICs) e asociacións de todo tipo co fin de favorecer o achegamento e a especialización da información e formación aos consumidores destinatarios.
4. Potenciar as actividades relacionadas coa mediación e a arbitraje co fin de mellorar a eficiencia do IGC e das oficinas de consumo dos concellos e das organizacións de consumidores na resolución extraxudicial dos conflitos de consumo. Consolidar o sistema arbitral de consumo e extendelo a sectores e empresas aínda non adheridas.
5. Mellorar a seguridade do mercado galego en materia de seguridade de servizos e produtos potenciando e mellorando a eficiencia de inspección de consumo e do laboratorio de consumo de Galicia.
6. Mellorar a profesionalización dos funcionarios das administracións de consumo e dos cadros técnicos das organizacións de consumidores mediante programas de formación continuada. Isto afecta sobre todo aos capítulos de proxectos xa que

neles impútanse os proxectos de formación de profesionais de consumo a través da Escola Galega de Consumo.

7. Mellorar a prestación dos servizos do propio IGC mediante unha optimización da xestión dos recursos integrando as instalacións da Escola Galega de Consumo no novo local da sede do IGC en Santiago de Compostela.

2.3 DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

2.3.1 Entes de dereito público

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

O Instituto Enerxético de Galicia nace a través da Lei 3/1999, do 11 de marzo, ó abeiro das competencias que a Comunidade Autónoma ostenta segundo o seu Estatuto de Autonomía (art. 13.2) e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente.

Na exposición de motivos da Lei 3/1999 destácanse algúns aspectos que definen a actual realidade enerxética e o valor estratéxico deste subsector económico. Esta exposición incide en que a utilización racional da enerxía é un factor chave da competitividade empresarial e da calidade de vida dos cidadáns, en que é necesario e obrigado harmonizar o uso dos recursos enerxéticos e o respecto ambiental, e en que urxe diversificar as fontes enerxéticas e diminuír, na medida do posíbel, a dependencia exterior. Por suposto, todas estas iniciativas sitúanse nun contexto dunha interdependencia económica e elevado grao de evolución tecnolóxica.

O Parlamento de Galicia, unha vez avaliado o contexto enerxético galego e internacional, considerou oportuno crear unha entidade que levase a cabo as funcións, iniciativas e programas enerxéticos desenvolvidos até entón por diferentes organismos da Administración autonómica, co obxectivo de afondar e consolidar a tarefa emprendida.

A configuración legal do INEGA é a dun ente de dereito público, con personalidade xurídica e patrimonio propios. Está adscrito á consellería competente en materia de enerxía e suxeito, nas súas actividades, aos programas e ás directrices xerais da Xunta de Galicia, pero con autonomía funcional para realizar estudos, ditames, peritaxes e actividades formativas e comerciais para a Administración pública, para as empresas e para os particulares.

Os obxectivos deste Instituto son, segundo o artigo 2 da Lei, o fomento e o pulo de iniciativas para a mellora da investigación enerxética en Galicia; o estudo e o apoio de actuacións para o seu coñecemento; o desenvolvemento e a aplicación de novas tecnoloxías -incluídas as renovábeis-; a mellora do aforro e a eficiencia; o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos eidos económicos de Galicia; así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.

As súas funcións xerais son:

1. Elaborar e propoñerlle á consellería competente en materia de enerxía plans e programas en materia enerxética.
2. Promover e, de ser o caso, executar os proxectos indicados, aprobados pola consellería competente en materia de enerxía.
3. Controlar, vixiar e inspeccionar as instalacións de produción, conducción, distribución, subministración e consumo de enerxía, tendo como obxectivo prioritario a seguridade das instalacións.
4. Propoñer a elaboración de disposicións para o establecemento, o desenvolvemento e a xestión da política enerxética.
5. Desenvolver programas de asesoramento enerxético e auditorías para fomentar actuacións de aforro e mellora da eficacia enerxética, así como elaborar proxectos de racionalización do uso da enerxía e promover o aproveitamento dos recursos enerxéticos.

6. Fomentar e participar en programas e proxectos de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías enerxéticas, bens de equipo e servizos relacionados coa enerxía.
7. Fomentar e participar na avaliación e implantación de sistemas de produción de enerxía baseados en recursos endóxenos –de orixe interna-, con especial promoción dos que utilicen enerxías renovábeis e de coxeración.
8. Elaborar estudos e realizar e emitir informes e recomendacións en materia enerxética para entes públicos ou privados.
9. Organizar programas de formación e reciclaxe profesional, en colaboración con centros de formación de ámbito universitario e profesional.
10. Orientar os usuarios nos hábitos de consumo enerxético mediante campañas e actuacións específicas.
11. Fomentar a participación das empresas e institucións galegas nos programas enerxéticos estatais e internacionais; principalmente, os emprendidos pola Unión Europea, así como emitir informes e asesorar sobre as directrices e os programas comunitarios dirixidos ao ámbito enerxético.
12. INEGA poderá ter a representación da Comunidade Autónoma nos organismos previstos pola Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, así como por calquera outra lei en materia enerxética.
13. Exercer calquera outra función técnica, material ou xurídica que, en relación coas materias da súa competencia, se lle encomende ou lle competa ao Instituto no marco desta lei.

2.3.2 Sociedades mercantís

GALICIA CALIDADE, S.A.

1. Galicia Calidade, S.A., é o órgano creado para a administración e outorgamento das licenzas de uso da marca de garantía Galicia Calidade. A concesión das licenzas de uso da marca están cimentadas na esixencia ás empresas usuarias, de niveles de

calidade superiores, e estes, baseados no estudio exhaustivo dos sectores afectados, e na aplicación da marca de garantía de forma racional, perseguindo ó prestixio, recoñecemento e confianza na mesma.

2. Desde 1996 concedéronse licenzas de uso da marca de garantía Galicia Calidade, a máis de 35 empresas galegas das mais importantes, das cales os seus produtos e servizos cumpren os estándares de calidade máis elevados. Na actualidade son licenciatarias da marca de garantía 26 organización empresariais, cuns 120 produtos amparados.
3. Galicia Calidade, S.A. realiza o estudio, seguimento e avaliación das empresas galegas que pretenden utiliza-la marca, así como a promoción da mesma de maneira xenérica, destacando a súa función de marca de garantía, á vez de servir de promoción aos produtos que ampara.
4. Nos anos 2000-2001 realizouse un relanzamento da marca de garantía, que consiste nun Plan de Marca completo con actuacións tanto publicitarias e de promoción como actuacións nos campos das relacións públicas e xornadas técnicas sobre temas de interese. Este impulso establececese co obxectivo de posicionar a marca e de que os produtos e servizos nela amparados acaden unha grande notoriedade.
5. No ano 2002 realizouse unha campaña de posicionamento da marca a nivel estatal que continuou nos anos 2003, 2004, 2005.
6. No ano 2006 procedeuse a un rediseño e modernización da marca gráfica, e polo tanto da imaxe de GALICIA CALIDADE, coa que se pretende acompañar á modernización e innovación que se está a producir na sociedade galega. Esta nova imaxe non é un feito illado senón que se insire nun plano estratéxico a desenvolver nos vindeiros tres anos e que permitirá dar un salto cualitativo e posibilitará unha auténtica consolidación e promoción da marca e dos produtos nela amparados. A evolución da imaxe visual da marca non ven por si soa senón que trae consigo unha campaña de promoción coa fin de difundir a nova imaxe da marca, asociar a orixe galega dos produtos e servizos como elemento de calidade diferencial, acadar a

máxima notoriedade de Galicia Calidade como marca de garantía do país, e que os consumidores e consumidoras procuren e merquen produtos coa marca. Para a consecución dos obxectivos fixados é fundamental o plano estratéxico de comunicación e promoción da marca que se vai desenvolver nos próximos tres anos. Galicia Calidade ha de ser quen de facilitar, non só a entrada dos nosos produtos nos mercados tanto galegos como internacionais, senón tamén que os consumidores e consumidoras estean dispostos a pagar un prezo máis xusto polos produtos galegos que ostenten o distintivo da marca. Con isto acadarase tamén que os sectores produtivos básicos do país teñan unha acaída promoción e poidan optar a unha fonte de recursos importante que axude a viabilizalos, tal e como a súa calidade intrínseca reclama.

No ano 2006 sacouse a concurso o desenvolvemento dunha nova campaña publicitaria que se desenvolve a finais de ano e continuará no ano 2007. As actuacións previstas para o ano 2007 irán encamiñadas a dar un coñecemento do verdadeiro sentido da marca aos consumidores con accións mais directas e de maior contido. Buscando sempre posicionar e asociar a marca a valores de prestixio, calidade e seguridade por parte dos consumidores galegos e internacionais. Para elo é necesaria unha campaña promocional mais intensa, e polo tanto unha asignación orzamentaria superior á estimada nos orzamentos do ano 2006.

Co obxecto de cumprir cos obxectivos e fins para o ano 2007, o incremento de orzamento, coa avaliación e as necesidades de financiamento e os recursos xerados pola actividade a desenvolver pola empresa, confeccionase axustado ás necesidades reais dos programas a executar en dito período.

Entre os obxectivos que figuran como bases de actuación da sociedade está o fomento da calidade no sector produtivo galego, procurando aglutinar baixo a marca de garantía tódalas sinerxías posibles derivadas da esixencia de sistemas de calidade e estándares elevados. Nesta liña, Galicia Calidade, S.A. seguirá avaliando a aptitude de empresas, produtos e servizos para levar a marca Galicia Calidade, e

realizará os seguimentos determinados para o control efectivo dos criterios de calidade esixidos por esta sociedade ás empresas usuarias da marca.

XESTIÓN DO PLAN XACOBEO, S.A.

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Sociedade Unipersoal constituíuse como Sociedade Anónima de capital integramente público o 13 de novembro de 1991, completando os requisitos necesarios para a súa válida constitución o 10 de decembro dese mesmo ano, data da súa inscrición no Rexistro Mercantil.

Constitúe o seu obxecto social, segundo pon literalmente no artigo 3 dos seus Estatutos o deseño, programación, coordinación e, no seu caso, a realización, entre outras, das seguintes actividades relacionadas co Xacobeo, que se executarán, no seu caso, en coordinación coas Administracións Públicas competentes: a conservación, rehabilitación e recuperación do Camiño; a colocación de sinais de identificación; a elaboración dos principios xurídicos para a súa protección que, para a súa aprobación, serán elevados ás Administracións competentes; a construción de áreas de descanso nos puntos de interese paisaxístico e monumental; a dotación do Museo das Peregrinacións; simposios, congresos, xornadas e ciclos; exposicións itinerantes; a organización dos Premios Xacobeo; representacións teatrais; concertos musicais; exposicións de Artes Plásticas; a elaboración de unidades didácticas; a promoción da artesanía e do deseño relacionadas co Camiño de Santiago; competicións deportivas de calidade; Centro Servidor de Datos de Galicia; rede de albergues; a rehabilitación da "Casa do Deán"; as actuacións no "Monte do Gozo"; os convenios cos Concellos e Institucións Relixiosas; a promoción dos aloxamentos relacionados co Camiño, paisaxe urbana (fachadas, edificios, fiestras, teitos, balcóns, prazas, rúas, beirarrúas e similares); a promoción do Xacobeo, incluídas actividades de animación; a produción cinematográfica e audiovisual; patrocinios; e a xestión dos signos visuais.

A actividade principal da Sociedade non ten como finalidade a obtención de lucro, senón perseguir fins de interese xeral, nos que para o exercicio 2007 incidirase en:

1. Continuar coa ampliación da Rede de Albergues e, á vez, coa significativa mellora da rede actual. Deste xeito reformaranse os albergues de Melide, o vello de Palas de Rei, o de Calvor, o de Hospital da Condesa, e construírse un pavillón de aseos en Triacastela, e á vez, iniciárase a contrución do de Dumbría, de Pontedeume, Oroso, Barreiros, Caldas ou Valga, A Fonsagrada, San Pedro de Mera, Castroverde e Ríós.
2. Continuar coa labor implantación de infraestruturas complementarias (como pode ser por exemplo a través dos Centros de Interpretación do Camiño) e da recuperación do patrimonio vencellado os distintos Camiños de Santiago.
3. Continuar o labor de promoción dos Camiños de Santiago tanto no eido galego, como estatal e internacional, tanto mediante accións directas como a través da presenza nas principais feiras estatais e internacionais ou a realización do material de promoción necesario.
4. Manter a actividade cultural no entorno dos Camiños de Santiago a través das mais diversas exposicións e programas culturais como o festival de música clásica “Vía Stellae” ou o programa “Vai de Camiño”. O mesmo tempo programáranse distintas exposicións e buscarase a difusión pedagóxica do significado dos Camiños.
5. E xa por último, atenderase o correcto mantemento das estruturas materiais e inmateriais xa creadas.

*SOCIEDADE DE IMAXE E PROMOCIÓN TURÍSTICA DE GALICIA, S.A.
TURGALICIA.*

A planificación da actividade turística facilita un emprego óptimo dos recursos, maximizando os beneficios e minimizando os posibles efectos negativos. Debido á importancia relativa da actividade turística no conxunto da economía e ao impacto

externo das medidas que se poidan adoptar, a responsabilidade da súa planificación recae na Administración.

Hai que ter en conta que o turismo NON é unha actividade de economía fácil e por isto, é necesario planificar e fuxir de calquera modelo turístico baseado no curto prazo, que aporta beneficios nos anos inmediatos da actividade nos que xenera uns ingresos que irán necesariamente decrecendo.

Transformar a actividade turística nun eixo efectivo de desenvolvemento e acadar que as empresas turísticas sexan eficaces y teñan taxas de crecemento e rentabilidade importantes, require dunha seria acción de marketing planificada e xestionada profesionalmente.

O presente plan de acción 2007 consiste en deseñar e poñer en práctica coa meirande precisión posible as estratexias competitivas máis eficaces para o desenvolvemento rendible e sostible do turismo de Galicia.

Os obxectivos de márketing para acadar unha actividade turística na nosa comunidade sostida e sostible son:

1. Distribuir o turismo que recibe Galicia no tempo e no espacio
2. Incrementar o nivel de gasto medio do visitante, potenciando os segmentos de maior poder de gasto.
3. Incrementar a estancia media potenciando produtos máis completos e con maior oferta de lecer
4. Fomentar a colaboración público–privada en inversións de desenvolvemento conxunto da promoción
5. Fomentar o aumento da calidade dos bens e servicios ofertados
6. Apostar pola fidelización.

7. Sensibilizar á poboación galega en materia de Cultura Turística (acollida do visitante, beneficios económicos e sociais do turismo, coidado do entorno, etc.).

Para acadar estes obxectivos será preciso desenvolver unha estratexia xeral de promoción e comunicación turística que, paralela a unha ordenación adecuada do produto, logre posicionar Galicia como un destino turístico de prestixio, cunha imaxe de marca forte, definida e recoñecida.

Esta nova estratexia supón a posta en marcha dunha serie de accións claves:

1. A difusión da primeira *marca turística* de Galicia.
2. Liderato dun novo concepto turístico: *o turismo atlántico*.
3. Emprego dunha nova reagrupación conceptual da oferta baixo novas terminoloxías turismo de auga, turismo de descanso, etc.
4. Apostar por involucrar os sectores empresariais de prestixio da Comunidade para a Comunicación da Imaxe Turística de Galicia, potenciando unha menxaxe baseada no *estilo de vida* galego.

CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA (CESGA)

O CESGA naceu en 1993 do compromiso da Xunta de Galicia de promover servizos comúns de apoio á investigación e, por outra parte, do interese do Consejo Superior de Investigaciones Científicas de promover en Galicia un contorno de traballo e investigación na área do cálculo intensivo.

Os obxectivos fundamentais do CESGA son:

1. Fomentar, difundir, prestar servizos de cálculo intensivo e comunicacións ás comunidades investigadoras galegas e do CSIC, así como a aquelas empresas ou institucións que o soliciten e, deste modo, contribuír, mediante o perfeccionamento tecnolóxico e a innovación, á mellora da competitividade das empresas.
2. Promover servizos comúns de apoio á investigación, desenvolvemento e innovación, no ámbito das tecnoloxías da información e das comunicacións en Galicia e na comunidade investigadora do CSIC.
3. Promover accións encamiñadas a favorecer solucións no campo da sociedade do coñecemento.

Financiamento

Para desempeñar a súa función o CESGA conta con infraestruturas de computación, almacenaxe e comunicacións de altas prestacións. Estas infraestruturas fináncianse polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, Xunta de Galicia, Consejo Superior de Investigaciones Científicas e Ministerio de Educación e Ciencia.

Usuarios

A comunidade de usuarios dos servizos do CESGA componse de investigadores das seguintes institucións:

1. Universidades Galegas
2. Centros de investigación da Xunta de Galicia
3. Centros do Consejo Superior de Investigaciones Científicas
4. Departamentos de I+D de empresas
5. Centros Tecnolóxicos
6. Outras institucións (hospitais, fundacións, asociacións empresariais, etc...)

7. CESGA colabora con outras institucións nacionais e internacionais mediante convenio, dispendo na actualidade de acordos con múltiples institucións: CERN, ANU, Universidade de Nagoya, EGEE, BSC/CNS, Universidade do Minho, UNALM, Universidade de Oviedo, Centro de Supercomputación de Calaluña, Centro Informático Científico de Andalucía, HP, Intel, etc.

Servizos

CESGA presta servizos nas seguintes áreas:

1. Computación e cálculo intensivo
2. Comunicacions de banda ancha
3. Almacenaxe masiva de datos
4. Soporte técnico a proxectos I+D+i
5. Sistemas de información xeográfica
6. I+D+i aplicado en:
 - A) Comercio electrónico
 - B) Tele-formación
 - C) Software Libre

Medios

Para proporcionar estes servizos, o CESGA conta cos seguintes medios:

1. Superordenadores
2. Software científico
3. Rede de comunicacions de banda ancha
4. Servidor de almacenaxe de datos
5. Centro de sistemas de información xeográfica

6. Salas AccessGrid
7. Aulas de tele-formación
8. Centro de Competencias de Comercio Electrónico de Galicia
9. Centro de Referencia de Software Libre

A Xunta de Galicia e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, a través do Centro de Supercomputación de Galicia, xunto coas empresas HP e Intel, mostran o interese común en investigar, desenvolver, difundir e potenciar o cálculo intensivo, apoiado na experiencia acumulada no CESGA, asinando para iso un acordo de colaboración 2006-2007, consistente en:

1. Colaboración en proxectos específicos de I+D na área computacional, de interese mutuo.
2. Implantación dun gran sistema de cálculo con arquitectura de memoria compartida.
3. Constitución dun Centro de Referencia Internacional HP – Intel no que se realicen actividades como: benchmarks, adaptación de aplicacións, formación, difusión e canalización de actividades conxuntas de interese común.

3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2007

3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

Para o desenvolvemento das súas competencias, a Consellería de Innovación e Industria conta cos seguintes programas de gasto:

PROGRAMAS
731A. Dirección e servizos xerais de Industria.
732A. Regulación e soporte da actividade industrial
561A. Plan Galego de Investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.
561B. Investigación universitaria.
733A. Eficiencia enerxética e enerxías renovables.
733B. Infraestruturas enerxéticas.
734A. Fomento da minaría.
741A. Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e productividade empresarial.
741C. Acción exterior, captación e investimentos estratéxicos.
741E. Apoio á pequena emediana empresa.
741F. Apoio á artesanía.
571A. Fomento da sociedade da información e do coñecemento.
572A. Desenvolvemento infraestructural e empresarial da sociedade da información e do coñecemento.
751A. Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia.
761A. Coordinación e promoción do turismo.
613B. Ordenación, información e defensa dos consumidores.

3.1.1 Da consellería.

Para a consecución destes obxectivos, a Consellería de Innovación e Industria executará os créditos correspondentes aos seguintes programas:

PROGRAMA 731A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA

1. Descrición

1. Permitir o funcionamento operativo dos servizos centrais administrativos.

2. Realizar unha actividade de fomento do interese sociocultural.
3. A modernización dos procesos de información.
4. Facilitar o control da xestión.

2. Actividades

1. Remuneración do persoal.
2. Gastos correntes en bens e servizos.
3. Mellorar a rede de sistemas de información.

3. Órgano encargados da súa execución

Secretaría Xeral

PROGRAMA 732-A. REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL

1. Descrición

O obxectivo deste programa é planificar, coordinar, xestionar e realizar actuacións en materia de seguridade e administración industrial.

2. Actividades

1. Apoio á mellora das infraestruturas nos polígonos industriais en dous ámbitos complementarios de actuación: concellos, asociacións e institucións sen ánimo de lucro.
2. Apoio as actuacións en infraestruturas e polígonos industriais dos concellos incluídos no plan da minaría do carbón.
3. Apoio á empresas en materia de seguridade industrial a través de axudas en réxime de concorrencia competitiva.

4. Apoio a renovación de instalacións domésticas de gas antigas para a mellora da seguridade e da eficiencia enerxética.
5. Apoio as actuacións de asociacións empresarias xestoras de servizos nos polígonos industriais.
6. Actuacións de coordinación en materia de seguridade e administración industrial.
7. Achega de capital para a posta en marcha da institución que xestionará o Túnel do frío.

3. Órgano encargados da súa execución

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas

**PROGRAMA 561-A. PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN,
DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA**

1. Descrición

Este programa está orientado ó establecemento de medidas para incentivar as actividades de investigación dos axentes do Sistema Galego de I+D, vertebrar o sistema e desenvolver dunha maneira eficaz e completa o potencial investigador e innovador especialmente no tecido industrial galego, así como á mellorar a dotación da infraestrutura tecnolóxica existente na nosa Comunidade Autónoma.

2. Actividades

1. Axudas para á investigación empresarial que favorezan a investigación aplicada susceptible de ser transferíbel aos principais sectores da economía galega, tendo en conta o seu carácter estratéxico e os obxectivos de calidade e articulación do sistema de I+D.

2. Axudas para promover o desenvolvemento de proxectos e actividades de investigación que procuren a excelencia na xeración do coñecemento a través do financiamento de proxectos e infraestruturas, participación noutros programas, mobilidade, etc.
3. Axudas para a formación, incorporación e consolidación de investigadores, tecnólogos e axentes de innovación, ao sistema galego da investigación
4. Apoio á creación, equipamento, desenvolvemento e consolidación de centros tecnolóxicos, centros de competencia, centros de excelencia científica, e servizos, unidades e plataformas tecnolóxicas
5. Contratos Programa para financiar os distintos centros recoñecidos dentro do Sistema Galego de I+D+I, en función de obxectivos preestablecidos que incidan na mellora da competitividade e calidade do noso tecido empresarial.
6. Accións de promoción, divulgación e sensibilización social para achegar a todos os niveis da sociedade as actividades de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica executadas ou promovidas na Galicia.
7. Axudas para fomentar a estruturación, especialización e consolidación das unidades de investigación no Sistema Público de I+D a través da creación de redes de investigación, promoción de grupos de investigación emerxentes, e consolidación de unidades de servizos tecnolóxicos e dos servizos de apoio á investigación mediante o financiamento de infraestruturas científicas e tecnolóxicas e apoio á xestión.
8. Axudas ás actuacións que contribúen a engadir valor ao resultado xerado pola actividade investigadora do Sistema Público de I+D, apoiando a organización produtiva de grupos de investigación, a valorización de tecnoloxías, e o desenvolvemento de servizos de xestión e promoción do coñecemento
9. Participación no capital fundacional e no sustento de fundacións, centros tecnolóxicos, sociedades e entes públicos ou privados localizados no entorno do sistema galego de I+D.

3. Órgano encargado da súa execución

Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

PROGRAMA 561-B. INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA

1. Descrición

Este programa recolle actuacións orientadas ao fomento da investigación científica e ao desenvolvemento tecnolóxico a realizar nas Universidades do Sistema Universitario de Galicia, encadradas no Plan de Financiamento das Universidades de Galicia 2005-2010

2. Actividades

1. Axudas para promover e incentivar o desenvolvemento de proxectos e actividades de investigación que procuren a excelencia na xeración do coñecemento a través do financiamento de proxectos e infraestruturas científicas e tecnolóxicas, de contratos programa, da participación noutros programas, mobilidade de investigadores e tecnólogos, publicacións, estadias, etc.
2. Axudas para promover e apoiar a investigación aplicada nas tecnoloxías sectoriais do sistema público universitario de investigación.
3. Accións de apoio ao desenvolvemento da carreira científica e tecnolóxica en tódalas etapas: formación, incorporación e consolidación no sistema público de investigación.
4. Axudas para fomentar a estruturación, especialización e consolidación das unidades de investigación no Sistema Público de I+D a través da creación de redes de investigación e estruturas de colaboración permanente, promoción de grupos de investigación emerxentes, e consolidación de unidades de servizos tecnolóxicos e dos servizos de apoio á investigación mediante o finzamento de infraestruturas científicas e tecnolóxicas e apoio á xestión.

5. Axudas ás actuacións que promovan a posta en valor das capacidades e resultados da investigación pública, co obxectivo de potenciar o seu impacto, a súa rendibilidade e unha óptima transferencia social e económica
6. Fondo de nivelación, coa finalidade de favorecer a converxencia interna dentro do sistema universitario galego, e Fondo de Financiamento Incondicionado, para dar continuidade ao financiamento que as universidades reciben da Xunta de Galicia.

3. Órgano encargado da súa execución

Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

PROGRAMA 733-A. EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES.

1. Descrición

Este programa ten un dobre obxectivo:

1. Estudos e traballos técnicos en materia de enerxías renovables e fomento do aforro e eficiencia enerxética,
2. Actuacións no ámbito das enerxías renovables e no aforro enerxético.

2. Actividades

1. Apoio ao labor do Instituto Enerxético de Galicia a través da cobertura de gastos correntes e de capital.
2. Apoio ás funcións de vixilancia e control ambiental dos proxectos de parques eólicos.
3. Redacción dos plans sectoriais da enerxía eólica e fotovoltaica. A través dun contrato de consultaría e asistencia.

4. Establecemento dun novo marco xurídico da enerxía eólica en Galicia. A través dun contrato de consultaría e asistencia.
5. Organización de xornadas técnicas sectoriais en materia de enerxías renovables.
6. Clasificación e organización do arquivo de documentación técnica e administrativa dos procedementos de autorización de parques eólicos.
7. Convenio con Gas Natural para o desenvolvemento do hidróxeno na optimización do recurso enerxético eólico en Galicia.
8. Convenios coas empresas privadas e universidades para o desenvolvemento de proxectos experimentais de implantación de biocombustibles en flotas de transportes e servizos públicos.
9. Asinamento de dous convenios cos colexios de enxeñeiros que permitan o mantemento da actividade na Subdirección Xeral de Enerxía e nas Delegacións Provinciais da Consellaría en tanto non se revise a Relación de Postos de Traballo da Consellería de Innovación e Industria e se creen os postos correspondentes a persoal funcionario de corpos especiais.
10. 3. Órgano encargado da súa execución
11. Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

PROGRAMA 733-B INFRAESTRUTURAS ENERXÉTICAS

1. Descrición

O obxectivo central deste programa céntrase na mellora das infraestruturas de gas e electricidade na Comunidade Autónoma: Instaurar instalacións de gas natural e propano, accións sobre a calidade do subministro eléctrico no medio rural, instalacións eléctricas municipais, soterramento e desvío de liñas eléctricas e centros de transformación, etc.

2.Actividades

1. Apoio á creación, extensión e mellora da iluminación pública.
2. Mellora de infraestructuras de carácter básico e de transporte para a adecuación de trazados ou soterramento de liñas no seu paso por núcleos habitados, ou zonas para diminuír o impacto ambiental da zona.
3. Mellora da calidade do subministro eléctrico, a través de convenios coas empresas distribuidoras e co Ministerio de Industria.
4. Convenio con Repsol para instaurar instalacións de propano nas localidades afastadas ás posibilidades de gasificación con gas natural.
5. Convenio con Gas Galicia para instaurar instalacións de gas natural para promocionar o desenrolo económico en zonas en crecemento.

3. Órgano encargado da súa execución

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

PROGRAMA 734-A FOMENTO DA MINARÍA

1. Descrición

O obxectivo básico deste programa é o fomento da minaría en xeral concretado nos seguintes aspectos:

1. Estudos e proxectos en materia de minaría (estudios encamiñados a ordenación mineira, mediante o incremento do coñecemento dos recursos, a mellora da base documental e cartográfica; a mellora das condicións de seguridade mineira, estudos medioambientais, de promoción e modernización, de posibilidades de mercado, rendabilidade).

2. Creación e mellora da xestión de infraestruturas de apoio mineiro, con especial fincapé naquelas que supoñan a melloras das condicións de seguridade e hixiene na minaría galega.
3. Potenciación da sustentabilidade das explotacións a través da recuperación de terreos afectados por antigas explotacións mineiras e de ordenación de entulleiras.

2.Actividades

1. Selado de labores abandonadas en situación de perigo que requiran actuación inmediata.
2. Convenio coa UDV para o estudo e posta en marcha dun servizo de prevención mancomunado.
3. Desenvolvemento da Lei de ordenación da minaría de Galicia.
4. Estudo e revisión da Lei 5/1995, de augas minerais e termais de Galicia.
5. Asinamento de dous convenios cos colexios de enxeñeiros que permitan o mantemento da actividade na Subdirección Xeral de Recursos Minerais e nas Delegacións Provinciais da Consellaría en tanto non se revise a Relación de Postos de Traballo da Consellería de Innovación e Industria e se creen os postos correspondentes a persoal funcionario de corpos especiais.
6. Convenios coa Confederación Hidrográfica do Norte para a restauración hidrolóxico forestal das áreas afectadas por entulleiras de lousa.
7. Potenciación de proxectos empresariais orientados á mellora dos niveis en materia de seguridade e saúde nas empresas mineiras.
8. Convenios de colaboración coa Cámara Mineira que teñen por obxecto o fomento da minaría na Comunidade Autónoma de Galicia.
9. Colaboración co sector do granito e da lousa a través do apoio financeiro ás fundacións dos centros tecnolóxicos que operan na actualidade.
10. Actuacións de fomento de actividades e proxectos presentados polas asociacións do sector mineiro.

3. Órgano encargado da súa execución

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas

PROGRAMA 741-A. APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUCTIVIDADE EMPRESARIAL.

1. Descrición

O Programa de Innovación Empresarial comprende tódalas accións e instrumentos destinados a incrementar a competitividade das empresas galegas mediante o estímulo da innovación nas organizacións en calquera punto da cadea de valor e en tódolos procesos da empresa e na súa proxección internacional.

2. Actividades

1. Axudas para proxectos de Innovación Loxística e Produción Industrial empresarial, Proxectos de Desenvolvemento Precompetitivo, Proxectos Demostrativos e Proxectos Piloto.
2. Incentivos para o rexistro de patentes convocadas e coordinadas polo Servizo Galego de Propiedade Industrial (SEGAPI)
3. Servizos de asesoramento de análises en innovación, deseño e desenvolvemento de produto, innovación de proceso, mellora continua, eficiencia telemática, vixilancia tecnolóxica, protección da propiedade intelectual e uso dos incentivos fiscais na innovación.
4. Apoio á formación en diversos ámbitos a través da Aula de Investigación e Innovación.

5. Apoio a innovación a traves da creación de diversas redes : rede de viveiros de empresas para apoio aos emprendedores; rede local de apoio á innovación que involucre aos axentes de innovación; Rede de organizacións para a iniciativa empresarial, e Club de inversores privados.
6. Apoio a creación de empresas de base tecnolóxica que xurdan no contorno empresarial ou de emprendedores (empresa-concepto).
7. Accións de apoio á formación de emprendedores
8. Axudas á oferta de análises preventivos de estratexia e financiamento por parte de organismos intermedios e de interface e institucións de promoción económica, para o seguimento de empresas.
9. Apoio á creación, equipamento, desenvolvemento e consolidación de servizos, unidades, plataformas e parques tecnolóxicos.

3 Órgano encargado da súa execución

Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información.

PROGRAMA 741C. ACCIÓN EXTERIOR, CAPTACIÓN E INVESTIMENTOS

1. Descrición

Este programa vai encamiñado á promoción e desenvolvemento de plans e melloras empresariais que permitan aumentar a súa competitividade e internacionalización, mediante a definición e implantación de modelos de xestión acordados coas necesidades que teñen as organizacións e as empresas galegas.

2.- Actividades

1. Impulso da imaxe da calidade de Galicia e as súas empresas, persoas, produtos e servizos no exterior, recoñecendo e difundindo as mellores prácticas das nosas organizacións e tendo unha presenza de Galicia nos foros, feiras, congresos e contornos máis competitivos e existentes desde onde se poidan producir intercambios e desenvolvementos de interese.
2. Desenvolvemento de plans de formación sobre comercio exterior, co obxecto de formar técnicos especializados nesta materia que contribúan a desenvolver o proceso de internacionalización das empresas galegas.
3. Plan de fomento das exportacións galegas (Foexga) co obxecto de establecer unha unidade de acción dirixida a estimular as exportacións e o crecemento das empresas galegas no exterior (misión comerciais, encontros empresariais, feiras, seminarios, bolsas no exterior, etc).

3. Órgano encargado da súa execución

Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información

PROGRAMA 741E. APOIO A PEQUENA E MEDIANA EMPRESA

1. Descrición

Este programa vai encamiñado a actuacións en materia de cooperación empresarial, promoción industrial, excelencia e calidade dirixidas a corrixir o baixo nivel de dinamización do tecido empresarial galego, fronte principal de desenvolvemento económico e de creación de emprego.

2. Actuacións

1. Impulso nas organizacións galegas dunha estratexia de excelencia empresarial
2. Promoción da utilización de modelos avanzados de xestión, mellorando as capacidades dos recursos humanos
3. Fomento da responsabilidade social corporativa
4. Posta en marcha dun programa de mellora de servizos ás empresas
5. Posta en práctica dun programa de observación para coñecer o estado e despregamento da calidade e as súas ferramentas no tecido empresarial galego

3. Órgano encargado da súa execución

Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información

PROGRAMA 741F. APOIO Á ARTESANÍA

1.- Descrición

Este programa vai encamiñado a actuacións de apoio en materia de artesanía capaces de dinamizar o sector e seren impulsoras da creación de emprego de calidade e asentamento poboacional, unido á necesaria xeración de identidade propia, promovendo actuacións tendentes a corrixir a actual disgregación do sector, xunto coa atomización e escaso emprego de técnicas de xestión e deseño.

2.- Actividades

1. Axudas a artesáns e talleres para a construción e adecuación de talleres, a adquisición de medios produtivos e material informático, ferramentas de apoio á comercialización, asistencia a feiras e o fomento da formación e da inserción laboral.

2. Construción do Centro Galego da Artesanía e o Deseño para a realización de actividades de formación, divulgación, difusión, traballos técnicos, documentación, xestión administrativa e promoción.
3. Potenciación do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia
4. Actuacións en materia de artesanía destinadas ao fomento das técnicas de deseño aplicadas ás producións artesanais.
5. Accións de potenciación da identidade corporativa asociada á marca Artesanía de Galicia

3. Órgano encargados da súa execución

Dirección Xeral de Comercio

PROGRAMA 571A. FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E O COÑECEMENTO

1.- Descrición

Este programa vai dirixido ao desenvolvemento da Sociedade da Información e o Coñecemento, por constituír o seu fomento unha das prioridades do goberno galego, promovendo actuacións e políticas públicas encamiñadas á eliminación da chamada fenda dixital, que se produce entre diferentes territorios ou colectivos que podan ter especiais dificultades de acceso ao coñecemento e uso das novas tecnoloxías da información e as comunicacións.

2.- Actividades

1. A extensión da banda ampla a todo o territorio galego, mellorando as súas infraestruturas a través de diversas redes e tecnoloxías de modo que se incremente a posibilidade de accesos e a conectividade con calidade para o usuario final, tanto particulares como empresas.

2. O impulso dun plan de dinamización da sociedade da información, especialmente no ámbito rural galego, aínda que non exclusivamente, que implique a formación dos cidadáns e as empresas a través de programas de formación presencial e on-line. Tamén serán obxecto de dedicación especial os colectivos que teñen un maior risco de exclusión dixital: anciáns, parados, a muller rural, xente con desarraigo social, etc.
3. O apoio aos servizos prestado polas Administracións Locais coa finalidade de incrementar a súa oferta de servizos dixitais de calidade.
4. O impulso da colaboración coa Universidades Galegas para a posta en funcionamento de plans de actuación tendentes a incrementar a presenza das novas tecnoloxías na sociedade civil galega.

3. Órganos encargados da súa execución

Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información.

PROGRAMA 572A. DESENVOLVEMENTO INFRAESTRUCTURAL E EMPRESARIAL DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E O COÑECEMENTO

1. Descrición

Este programa vai encamiñado ao apoio as empresas, con especial atención ás Pemes, para a incorporación das tecnoloxías e solucións tecnolóxicas que fagan máis competitivos e rendibles os seus procesos, que lles faciliten as relacións cos seus provedores e clientes, e que, en definitiva, lles permitan acadar un posicionamento competitivo, acorde coas exixencias actuais.

2. Actividades

1. Implantación de redes inalámbricas, con tecnoloxías wifi, wimax, ou outras análogas, tanto en centros públicos da Administración como en áreas de desenvolvemento empresarial, financiando ditas instalacións con fondo do FEDER, tratando de contribuír á eliminación das barreiras de acceso físico á Sociedade da Información e incrementando a posibilidade de explotación dos recursos e servizos existentes.
2. Axudas destinadas a incorporación do tecido empresarial galego á Sociedade da Información, con especial atención ás Pemes.
3. Fomento das actividades industriais e de servizos das empresas galegas, que teñan unha especial incidencia no ámbito tecnolóxico, mediante a posta en marcha de plans de actuación estratéxicos tendentes a fortalecer a seu posicionamento no mercado e a súa internacionalización, mediante a súa proxección exterior.
4. A creación de viveiros empresarias do sector das tecnoloxías da información e as comunicacións, como unha medida tendente a potenciar o sector tecnolóxico galego, como elemento xerador de riqueza e emprego de calidade.

3. Órganos encargados da súa execución

Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información

PROGRAMA 751A ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA

1. Descrición

1. Ordenación e regulamentación do comercio interior.
2. Impulso dos espazos urbanos de uso comercial e outros equipamentos colectivos.

3. Vertebración do comercio no medio rural.
4. Apoio á adecuación das Pemes comerciais ao seu entorno competitivo.
5. Incentivación da cooperación empresarial.

2. Actividades

1. Mellora competitiva do comercio polo miúdo.
2. Coordinación da actividade feiral e impulso na optimización dos recursos dos recintos feirais.
3. Fomento do comercio e dos produtos galegos.
4. Actuacións para a modernización e mellora do pequeno comercio no medio rural.
5. Vertebración do comercio urbano e equipamentos comerciais.
6. Estratexias de revitalización comercial e fortalecemento de centros comerciais abertos e eixes.

3. Órganos encargados da súa execución

Dirección Xeral de Comercio

Delegacións provinciais

PROGRAMA 761A. COORDINACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO

1. Descrición

Realización de accións tendentes á recuperación e posta en valor dos servizos e recursos existentes para a creación dunha infraestrutura turística que permita consolidar Galicia como destino turístico de excelencia.

2. Actividades

1. Reforzamento e mellora da promoción de Galicia como destino turístico no mercadonacional e internacional.
2. Cooperación coas entidades locais, para impulsar a imprescindible colaboración dos concellos galegos no desenvolvemento e mellora do sector.
3. Incremento do número de bolseiros nas oficinas turísticas.
4. Refundición de liñas de axuda, aínda que mantendo as existentes.
5. Fomento da infraestrutura deportiva golf-naútica a través da mellora tanto dos campos existentes e da creación doutros, para conformar una rede propia galega de campos de golf como da mellora dos clubs náuticos.
6. Mantense unha política de apoio ás actuacións de revalorización do patrimonio cultural existente.

3. Órgano encargado da súa execución

Dirección Xeral de Turismo

3.1.2. Do organismo autónomo

PROGRAMA 631B. ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DOS CONSUMIDORES

1. Descrición

A través deste programa aténdese ao funcionamento operativo dos servizos centrais e periféricos do Instituto Galego de Consumo.

Por outra parte, no marco dos dereitos dos cidadáns galegos a que a Administración garantice a súa seguridade como consumidores, tanto desde un punto de

vista xurídico como dese o punto de vista da saúde levaranse a cabo as actuacións que se sinalan.

2. Actuacións

1. Elaboración da lei galega dos consumidores.
2. Revisión da lei de inspección de consumo e elaboración da norma reguladora da rede de alerta.
3. Liñas de axuda e convenios de colaboración con concellos e asociacións de consumidores.
4. Actividades relacionadas coa xestión da rede de alerta para a seguridade dos mercados galegos.
5. Incremento dos recursos humanos dos organismos de consumo.

3. Órgano encargado da súa execución

Instituto Galego de Consumo

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

	SERVIZOS							TOTAL
	01	02	03	04	05	06	80	
561A Plan galego de investigación desenvolvemento e innovación tecnolóxica		67.710,7						67.710,7
561B Investigación universitaria		33.746,8						33.746,8
571A Fomento da sociedade da información e do coñecemento				8.304,4				8.304,4
572A Desenvolvemento infraestructural e empresarial da sociedade da información e do coñecemento				21.493,6				21.493,6
613B Ordenación, información e defensa do consumidor							7.725,9	7.725,9
731A Dirección e servizos xerais de industria	6.682,9							6.682,9
732A Regulación e soporte da actividade industrial	5.840,6		9.037,0					14.877,6
733A Eficiencia enerxética e enerxías renovables			10.701,5					10.701,5
733B Infraestruturas enerxéticas			16.220,8					16.220,8
734A Fomento da minaría			3.668,6					3.668,6
741A Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial		24.793,8		10.667,1				35.461,0
741C Acción exterior, captación e investimentos estratéxicos				2.280,0				2.280,0
741E Apoio á pequena e mediana empresa				2.190,3				2.190,3
741F Apoio á artesanía					4.171,0			4.171,0
751A Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia					33.211,4			33.211,4
761A Coordinación e promoción do turismo						75.557,5		75.557,5
TOTAL	12.523,5	126.251,3	39.627,9	44.935,4	37.382,4	75.557,5	7.725,9	344.003,9

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

		CAPÍTULOS							TOTAL
		I	II	III	IV	VI	VII	VIII	
561A	Plan galego de investigación desenvolvemento e innovación tecnolóxica	1.742,4			8.456,1	4.500,0	50.212,2	2.800,0	67.710,7
561B	Investigación universitaria				11.322,8	400,0	22.024,0		33.746,8
571A	Fomento da sociedade da información e do coñecemento				750,0	1.460,7	6.093,8		8.304,5
572A	Desenvolvemento infraestructural e empresarial da sociedade da información e do coñecemento					1.165,3	20.328,2		21.493,5
581A	Elaboración e difusión estatística								0,0
613B	Ordenación, información e defensa do consumidor	4.087,6	919,3	6,0	478,0	1.704,9	530,0		7.725,9
731A	Dirección e servizos xerais de industria	2.366,5	2.038,1		51,7	2.226,6			6.682,9
732A	Regulación e soporte da actividade industrial	7.040,2				530,0	7.207,4	100,0	14.877,6
733A	Eficiencia enerxética e enerxías renovables				2.111,5	1.185,0	7.405,0		10.701,5
733B	Infraestruturas enerxéticas						16.220,8		16.220,8
734A	Fomento da minaría					1.724,9	1.943,7		3.668,6
741A	Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial	960,8			918,1	800,0	31.782,1	1.000,0	35.461,0
741C	Acción exterior, captación e investimentos estratéxicos					200,0	2.080,0		2.280,0
741E	Apoio á pequena e mediana empresa					100,0	2.090,3		2.190,3
741F	Apoio á artesanía				340,0	1.456,0	2.375,0		4.171,0
751A	Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia	799,4			382,0	3.104,0	25.126,0	3.800,0	33.211,4
761A	Coordinación e promoción do turismo	3.715,8			25.764,8	9.372,4	36.704,5		75.557,5
TOTAL		20.712,7	2.957,4	6,0	50.575,0	29.929,8	232.123,0	7.700,0	344.003,9

(Miles de euros)

Distribución orgánica

01	SECRETARÍA XERAL	2006	2007	% Var.
Cap. I	Gastos de persoal	7.564,8	8.207,1	8,5
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	1827,5	2.038,1	11,5
Cap. IV	Transferencias correntes	49,2	51,7	5,0
Cap. VI	Investimentos reais	1203,0	2.226,6	85,1
TOTAL		10.644,5	12.523,5	17,7

(Miles de euros)

02	D. X. DE INVEST. DESENV. E INNOVACIÓN	2006	2007	% Var.
Cap. I	Gastos de persoal	1.481,3	1.742,4	17,6
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	105,6		-100,0
Cap. IV	Transferencias correntes	14.669,1	20.578,9	40,3
Cap. VI	Investimentos reais	4.107,4	5.300,0	-93,9
Cap. VII	Transferencias de capital	86.567,4	95.830,0	4691,5
Cap. VIII	Activos financeiros	2.000,0	2.800,0	40,0
TOTAL		108.930,8	126.251,3	15,9

(Miles de euros)

03	D. X. DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS	2006	2007	% Var.
Cap. I	Gastos de persoal	1.170,6	1.199,7	2,5
Cap. IV	Transferencias correntes	2.050,0	2.111,5	3,0
Cap. VI	Investimentos reais	2.738,5	3.439,9	25,6
Cap. VII	Transferencias de capital	29.080,6	32.776,8	12,7
Cap. VIII	Activos financeiros	35,0	100,0	185,7
TOTAL		35.074,7	39.627,9	13,0

(Miles de euros) de euros)

04	D. X. DE PROM. INDUSTRIAL E DA SOC. DA INF	2006	2007	% Var.
Cap. I	Gastos de persoal	1.032,9	960,7	-7,0
Cap. IV	Transferencias correntes	976,1	868,1	-11,1
Cap. VI	Investimentos reais	10.224,0	3.326,0	-67,5
Cap. VII	Transferencias de capital	31.985,4	38.780,5	21,2
Cap. VIII	Activos financeiros		1.000,0	
TOTAL		44.218,4	44.935,4	1,6

(Miles de euros)

05	D. X. DE COMERCIO E CONSUMO	2006	2007	% Var.
Cap. I	Gastos de persoal	823,5	799,4	-2,9
Cap. IV	Transferencias correntes	313,7	722,0	130,2
Cap. VI	Investimentos reais	2.800,0	4.560,0	62,9
Cap. VII	Transferencias de capital	22.477,0	27.501,0	22,4
Cap. VIII	Activos financeiros	5.843,4	3.800,0	-35,0
TOTAL		32.257,6	37.382,4	15,9

(Miles de euros)

06	D. X. DE TURISMO	2006	2007	% Var.
Cap. I	Gastos de persoal	3.425,9	3.715,8	8,5
Cap. IV	Transferencias correntes	26.816,0	25.764,8	-3,9
Cap. VI	Investimentos reais	9.032,1	9.372,4	3,8
Cap. VII	Transferencias de capital	33.272,3	36.704,5	10,3
TOTAL		72.546,2	75.557,5	4,2

(Miles de euros)

80	INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO	2006	2007	% Var.
Cap. I	Gastos de persoal	3.953,5	4.087,6	3,4
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	484,6	919,3	89,7
Cap. III	Gastos financeiros		6,0	
Cap. IV	Transferencias correntes	478,0	478,0	0,0
Cap. VI	Investimentos reais		1.704,9	
Cap. VII	Transferencias de capital	1.303,3	530,0	-59,3
Cap. VIII	Activos financeiros	310,0		-100,0
TOTAL		6.529,4	7.725,9	18,3

(Miles de euros)

SERVIZO		2006	2007	% Var.
01	SECRETARÍA XERAL	10.644,5	12.523,5	17,7
02	D. X. DE INVEST. DESENV. E INNOVACIÓN	108.930,8	126.251,3	15,9
03	D. X. DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS	35.074,7	39.627,9	13,0
04	D. X. DE PROM. INDUSTRIAL E DA SOC. DA INFOR.	44.218,4	44.935,4	1,6
05	D. X. DE COMERCIO E CONSUMO	32.257,6	37.382,4	15,9
06	D. X. DE TURISMO	72.546,2	75.557,5	4,2
80	INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO	6.529,4	7.725,9	18,3
TOTAL		310.201,7	344.003,9	10,9

(Miles de euros)

Consellería e organismo autónomo

	Consellería		Organismos Autónomos		Transferencias internas		TOTAL CONSOLIDADO	
	2006	2007	2006	2007	2006	2007	2006	2007
Cap. I Gastos de persoal	15.499,0	16.625,0	3.953,5	4.087,6			19.452,4	20.712,6
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	1.933,1	2.038,1	484,6	919,3			2.417,8	2.957,4
Cap. III Gastos financeiros				6,0			0,0	6,0
Cap. IV Transferencias correntes	49.597,2	55.285,0	478,0	478,0	4.723,1	5.187,9	45.352,1	50.575,1
Cap. V Fondo de continxencia							0,0	0,0
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>67.029,3</i>	<i>73.948,2</i>	<i>4.916,1</i>	<i>5.490,9</i>	<i>4.723,1</i>	<i>5.187,9</i>	<i>67.222,3</i>	<i>74.251,2</i>
Cap. VI Investimentos reais	30.104,9	28.224,9	1.303,3	1.704,9			31.408,2	29.929,8
Cap. VII Transferencias de capital	204.996,0	233.827,8	310,0	530,0	1.613,3	2.234,9	203.692,7	232.122,9
Cap. VIII Activos financeiros	7.878,4	7.700,0					7.878,4	7.700,0
Cap. IX Pasivos financeiros							0,0	0,0
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>242.979,4</i>	<i>269.752,7</i>	<i>1.613,3</i>	<i>2.234,9</i>	<i>1.613,3</i>	<i>2.234,9</i>	<i>242.979,4</i>	<i>269.752,7</i>
TOTAL BRUTO	310.008,7	343.700,9	6.529,4	7.725,8	6.336,4	7.422,8		
TRANSFERENCIAS INTERNAS								
TOTAL CONSOLIDADO	310.008,7	343.700,9	6.529,4	7.725,8	6.336,4	7.422,8	310.201,7	344.003,9

(Miles de euros)

Sociedades públicas

Descrición	2006			2007			% Var.		
	Explo.	Capit.	TOTAL	Explo.	Capit.	TOTAL	Explo.	Capit.	TOTAL
GALICIA CALIDADE S.A.	765,0	825,0	1.590,0	327,0	1.351,0	1.678,0	-57,3	63,8	5,5
INSTIT. ENERXÉTICO DE GALICIA	2.430,0	1.600,0	4.030,0	8.486,0	1.620,0	10.106,0	249,2	1,3	150,8
S.A. CENTRO SUPERCOMPUTACIÓN	1.750,0	476,0	2.226,0	2.105,0	236,0	2.341,0	20,3	-50,4	5,2
S.A. XESTIÓN XACOBEO	25.252,0	3.120,0	28.372,0	23.375,0	4.475,0	27.850,0	-7,4	43,4	-1,8
TURGALICIA, S.A.	6.902,0	15.689,0	22.591,0	38.843,0	16.472,0	55.315,0	462,8	5,0	144,9

(Miles de euros)

Medios persoais

Consellería

	2006	2007
<i>Altos cargos</i>	11	11
<i>Persoal funcionario</i>	413	426
Grupo A	144	147
Grupo B	55	63
Grupo C	78	81
Grupo D	114	113
Grupo E	22	22
<i>Persoal laboral</i>	61	65
Grupo I	2	2
Grupo II	2	2
Grupo III	33	35
Grupo IV	15	15
Grupo V	9	11
<i>Outro persoal</i>	10	
TOTAL	495	502

Instituto Galego de Consumo

	2006	2007
<i>Altos cargos</i>		
<i>Persoal funcionario</i>	126	127
Grupo A	25	25
Grupo B	22	22
Grupo C	54	55
Grupo D	20	20
Grupo E	5	5
<i>Persoal laboral</i>	15	14
Grupo I	5	5
Grupo III	5	4
Grupo IV	4	4
Grupo V	1	1
<i>Outro persoal</i>		
TOTAL	141	141